

# Interpretación A escolla acertada



**Guía práctica para contratar servizos de interpretación**

**Contratar servizos de interpretación pode ser toda unha aventura para quen non se dedica ás linguas.**

**Os consellos desta guía buscan facilitar a angueira para aproveitar ao máximo o orzamento que se inviste na interpretación.**

## **Cal é a diferenza entre tradución e interpretación?**

**A tradución é escrita e a interpretación é oral.**

Cando se traballa con documentos escritos (un manual de instrucións para clientela chinesa, unha campaña publicitaria para Portugal ou a documentación en francés que se recibe da casa matriz), precísase de tradutoras/es.

Cando hai que comunicarse directamente con persoas que falan unha lingua estranxeira, como nunha reunión do consello de administración, as negociacións para un contrato, unha rolda de prensa ou un congreso, precísase de intérpretes.

## Que fan as/os intérpretes?

**Serven de ponte entre dúas culturas porque interveñen cando outras persoas que falan idiomas diferentes precisan comunicarse. Grazas á súa formación, son quen de revelar as ideas dunha lingua a outra con eficacia e precisión.**

Nunha negociación cara a cara, contar cun/ha intérprete profesional é un valor engadido porque transmite o sentido das palabras e reflicte o matiz do discurso de cada interlocutor/a. Deste xeito, cada parte ten tempo de ordenar as súas ideas e concentrarse no principal.

**Na ONU, vemos as/os intérpretes traballando en cabinas; en visitas a fábricas, van acompañando empresarias/os e delegacións comerciais que veñen de fóra para facer posible a comunicación. Nos hospitais, contribúen a que as/os doentes reciban o tratamento axeitado sexa cal sexa o seu idioma. Nos tribunais, desempeñan un papel esencial porque garanten o dereito a un xuízo xusto.**

## Cómpre ter nervios de aceiro para ser intérprete

As/os intérpretes escoitan a mensaxe nunha lingua e comunican decontado a mesma información noutro idioma.

**Para facerse unha idea da dificultade**, basta con coller un micro, prender a televisión e tentar parafrasear calquera xornalista ou artista ao mesmo tempo. Non hai que quedar atrás, a risco de non dar recuperado o ritmo. Sen deixar frases incompletas nin tatear!

Agora, hai que imaxinar a mesma cousa pero trasladando a mensaxe a outra lingua. Neste caso, non vale tirar do dicionario, porque non hai tempo para iso.

O éxito dunha negociación comercial, a comprensión dun relatorio técnico ou o prestixio dunha empresa nunha feira pode estar en xogo. Estas son algunhas das situacións nas que un/ha intérprete profesional vai marcar a diferenza.

# Cales son as modalidades da interpretación?

## **Interpretación simultánea**


Trátase dunha técnica na que as/os intérpretes falan case ao mesmo tempo que as/os relatoras/es, cunha diferenza de apenas uns segundos.

Así se traballa nos organismos internacionais e no mercado privado: conferencias, congresos, convencións de vendas e reunións máis ou menos técnicas que requiren unha tradución especialmente áxil.

Nesta modalidade, as/os intérpretes están lonxe das/os oradoras/es, dentro dunhas cabinas insonorizadas con visión directa á sala ou con monitores de televisión, falan por un micro e o público asistente escoita a tradución por uns auriculares.

Nalgúns casos, como en visitas a fábricas ou reunións cun número reducido de participantes, pódese recorrer a un equipamento portátil e sen fíos, coñecido como «maleta de interpretación» ou *infoport*, que non precisa instalar cabinas pero non insonoriza.


A/o intérprete escoita quen fala e traduce de xeito simultáneo en voz baixa polo micrófono para que se oia polos auriculares que levan as persoas presentes.

 **A simultánea require moita concentración, por iso se adoita traballar por parellas para poder facer quendas de 20 ou 30 minutos.**

## **Interpretación consecutiva**

Nesta técnica, a/o intérprete sitúase a carón da/o relator/a, tomando notas do contido do discurso, que se pode prolongar uns minutos; a continuación, reproduce a mensaxe con precisión na outra lingua. Cómpre establecer intervencións e quendas de palabra dunha duración asumible para relatoras/es, intérpretes e tamén o público.

Trátase dun tipo de interpretación axeitado para roldas de prensa, cursos de formación, visitas guiadas e reunións políticas de alto nivel. Nalgúns casos, segundo as dimensións da sala, hai que empregar micrófono.




**Nesta modalidade, o acto pode durar case o dobre do tempo previsto, posto que primeiro intervén a/o orador/a no seu idioma e despois a/o intérprete.**

## **Interpretación de enlace**

Esta modalidade adoita empregarse en pequenos encontros entre dúas persoas (ou dous grupos reducidos) que falan linguas diferentes. Pode tratarse dunha entrevista para un medio de comunicación, unha pequena reunión de negocios, etcétera.

Neste caso, non se require equipamento técnico e recórrese á técnica da interpretación bilateral: a/o intérprete comparte o mesmo espazo que as/os interlocutoras/es e ten que ser capaz de traballar en ambas as direccións, é dicir, se as linguas que se falan son o alemán e o galego, ten que interpretar do alemán cara ao galego e viceversa.



**Para que a conversa sexa máis fluída, é importante que as/os interlocutoras/es respecten as quendas de palabra e agarden a que a/o intérprete faga a súa prestación antes de seguir falando.**

## Interpretación xudicial

Un/ha intérprete xudicial non só debe ter competencias lingüísticas, senón que tamén ten que coñecer o ordenamento xurídico dos países implicados.

Cómpre ter en conta que a/o intérprete necesita ter acceso a toda a documentación do procedemento para preparar correctamente o seu traballo.

Nos tribunais españois recórrase á videoconferencia cando non se dispón in situ dun/dunha intérprete do idioma correspondente.

Na Unión Europea, as autoridades deben garantir a asistencia dun/ha intérprete ou tradutor/a nos procedementos penais.

**A maxistrada española Pilar Luna dixo: «Un erro lingüístico pode provocar a condena dunha persoa inocente. Imaxinemos que a/o intérprete confunde acariciar con apalpar, puñada con puñalada, ou coitelo con machete, por mencionar tan só tres exemplos de algo que xa aconteceu».**



**Cando hai que acudir ao xulgado sen saber falar o idioma do procedemento, hai moito en xogo, moito máis ca diñeiro.**

## Interpretación telefónica

Co auxe da tecnoloxía, este tipo de mediación lingüística empezou a empregarse nos últimos anos por ser unha opción máis económica.

A súa vantaxe é que as/os participantes poden atoparse a miles de quilómetros de distancia. Evita gastos de desprazamento e acurta os tempos de organización previos. De feito, pode resultar útil en casos de emerxencia no eido dos servizos públicos (hospitais, colexios, comisarías...).



**Esta modalidade presenta inconvenientes importantes, como poden ser os problemas técnicos. Daquela, recoméndase recorrer a esta opción só como último recurso.**

## Interpretación en lingua de signos

A lingua de signos é a lingua natural da comunidade xorda. Foise desenvolvendo de xeito espontáneo desde a experiencia visual que as persoas xordas teñen da súa contorna.

Nesta lingua emprégase a canle visual e xestual. As mans, os brazos, o tronco e o rostro son os órganos de articulación e a palabra ou unidade mínima con sentido é o signo.

A lingua de signos non é universal. En España existen dúas linguas de signos oficiais: a española e a catalá, que se circunscribe ao territorio de Cataluña.

Á hora de contratar os servizos de interpretación profesional en lingua de signos, cómpre ter en conta que a/o intérprete ten que traballar nun lugar ben iluminado e visible para todo o público asistente. A cor da súa roupa debe ser escura e lisa.

## Bilingüe? Coma o meu cuñado, que disque sabe inglés porque viviu uns meses en Londres.



**Olo ao piollo! As persoas «bilingües» sen formación son o maior risco cando se precisa dunha interpretación.**

O motivo é ben sinxelo: moitas persoas que se cren bilingües non o son. Non basta con saber idiomas para poder interpretar e trasladar unha mensaxe dunha lingua a outra.

Cómpre coñecer as sutilezas lingüísticas e culturais do contexto e transmitir todos os matices, alén de saber dominar os nervios en situacións de estrés.

As/os intérpretes ofrecen un achegamento diferente e contan con habilidades específicas. Coñecen as diversas técnicas da interpretación e posúen a formación necesaria para transmitiren a mensaxe de forma fidedigna, con fluidez e eficacia, o que permite coñecer con exactitude o que din as/os interlocutoras/es.

## Como atopar a/o intérprete axeitada/o?

- Cómpre coñecer primeiro **as linguas** da encomenda. Solicitar *chinés* non abonda, debe especificarse se é mandarín, cantonés ou pequinés. Un/ha profesional da interpretación debería adaptarse sen problema aos diferentes acentos e dialectos. Porén, canta maior información se lle proporcione, mellor poderá preparar o servizo. Non esqueza que a dificultade aumenta cando un/ha orador/a se pon a falar nun idioma que non é a súa lingua materna.

- Determinar **o lugar** da interpretación. Se precisa dun/ha intérprete profesional para un xuízo, unha conferencia sobre medicina ou unha visita a unha fábrica, comuníquello con tempo para poder determinar o tipo de interpretación que se necesita e garantir que todo vaia sobre rodas.



**Consulte os directorios das asociacións profesionais para contratar intérpretes (páxina 23).**

## Reduza os imprevistos cunha preparación previa

Recoméndase manter unha comunicación fluída co/a intérprete. Non dubide en concertar unha reunión con el/a uns días antes para resolver posibles dúbidas ou concretar detalles sobre a organización do acto.

Procure facilitarlle de antemán toda a documentación que se vai empregar no evento: o programa, os relatorios, as diapositivas, os informes ou documentos que se vaian mencionar e a lista de participantes con cadanseus cargos.



**Canto máis se lle facilite o traballo preparatorio á/ao intérprete, maior será a calidade da súa prestación. Non espere á última hora para proporcionarlle toda a información necesaria.**



**Non se preocupe pola información sensible que deberá manexar a/o intérprete, porque vai quedar en boas mans.**

**As asociacións do sector da interpretación teñen redactados uns códigos éticos e de responsabilidade profesional, nos que se salienta a confidencialidade, a imparcialidade, a puntualidade e a discreción como características fundamentais das/os intérpretes profesionais.**

## **Traballe coa tecnoloxía (pero próbea antes!)**

Revise as necesidades técnicas para evitar sorpresas desagradables e comprobe que o material funcione antes do gran día. As/os profesionais da interpretación son a súa mellor baza: á diferenza das persoas afeccionadas (incluso amizades ou xente con boa intención), saberán manexarse con soltura no uso do material técnico.




**Cómpre contratar persoal técnico que se encargue do material ou designar unha persoa responsable. As/os intérpretes concentrarán toda a súa enerxía en facilitaren a comunicación e non poderán resolver problemas técnicos durante a súa prestación.**

## Arrea! Isto ten pinta de ser caro, non?

O que sae caro é o fracaso dunha xuntanza cando as partes non se comprenden ben; ou viaxar a outro país e decatarse ao chegar que a parte provedora non entende nin papa do que lle quere dicir. Por non falar das emerxencias médicas, en que se pode producir unha situación de vida ou morte se o persoal sanitario non fala a mesma lingua que a/o doente e non capta con exactitude cal é a súa historia clínica e os seus síntomas.

A maioría das/os intérpretes traballan como profesionais autónomas/os. Os seus honorarios abranguen o servizo de interpretación en si mesmo, así como toda a preparación: estudo da documentación, pescudas terminolóxicas que fan de seu e redacción dun glosario específico. Este labor, que adoita supor uns dous días de traballo, tamén vai incluído no prezo final.



**Contar con profesionais sae rendible, porque incluso lle poden asesorar sobre a modalidade e a organización máis axeitadas para a prestación dun servizo de interpretación.**

## Factores que repercuten no prezo

### • **A combinación de idiomas, o número de intérpretes e a modalidade de interpretación:**

Cada situación particular vai determinar as linguas que necesite cubrir, se precisa dos servizos dun/ha ou máis intérpretes e se lle convén recorrer á interpretación simultánea, consecutiva, de enlace ou telefónica. A lei da oferta e da demanda tamén incide no prezo: canto máis exótica sexa a lingua e máis intérpretes necesite, máis elevado será o prezo final.

### • **A duración do servizo:**

O máis habitual é facturar por media xornada ou xornada completa. Antes de comezar o servizo, asegúrese de ter comprendido cales son as tarifas base da/o intérprete e as súas recargas por hora extra ou cancelación.

### • O desprazamento:

O custo do transporte e o tempo de desprazamento tamén se facturan cando superan unha duración ou distancia determinadas. Para un servizo de longa duración, teña en conta que debe aboar todos os gastos necesarios, o que inclúe dietas e aloxamento.

O lugar tamén inflúe no prezo: pode aplicarse unha recarga de perigosidade en países pouco seguros debido á inestabilidade política ou mesmo en contornos carcerarios. Ademais, algunhas encomendas requirirán a contratación dun seguro específico.

## Un bo servizo de interpretación sae a conta

En palabras dun director de mercadotecnia dunha multinacional: «Calcule canto leva investido a súa empresa en billetes de avión, aloxamento, dietas e mesmo no prezado tempo que os seus executivos dedican a asistir a reunións importantes.

En comparación, os honorarios de intérpretes profesionais resultan insignificantes e a súa presenza garante que todas as persoas presentes poidan seguir as conversas e participar nelas activamente».

En declaracións dunha destacada funcionaria internacional: «Se o obxectivo da súa reunión é transmitir unha mensaxe ou intercambiar ideas, vai necesitar un servizo de interpretación profesional. Pola contra, se só vai celebrar unha reunión por celebrala, entón pode optar por unha solución máis barata».

Pénseo ben!



**Acorde por escrito todos estes detalles co/a intérprete antes de comece a prestación do servizo.**

**A interpretación non é cousa de  
afeccionadas/os.**

**Elixa un/ha intérprete en función da  
súa formación académica, a súa  
experiencia e a súa pertenza a  
asociacións profesionais do sector.**

**CONTRATE INTÉRPRETES  
PROFESIONAIS!**



www.agpti.org  
Tel.: +34 698 150 322

---

Asociacións colaboradoras



Asociació  
Profesional  
de Traductores  
i Intèrprets  
de Catalunya

www.aptic.cat



Asociación Española de  
Traductores, Correctores  
e Intérpretes

www.asetrad.org



Euzko Itzulitzaile, zuzentzaile eta Intèrpreteen Elkarteak

www.eizie.eus

---

Outras asociacións colaboradoras



www.filse.org

ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE  
INTÉRPRETES DE CONFERENCIAS

www.espaiic.es

---

© Copyright 2011

Versión galega: equipo AGPTI

Texto orixinal inglés: Chris Durban © 2010

Deseño: Mark Richardson



**Contratar intérpretes profesionais aumenta as probabilidades de éxito amais de ser a única vía para asegurarse de que a mensaxe chegue correctamente. Alén diso, é unha rede de protección para que os investimentos xa realizados non se boten a perder e se reduzan os riscos para todas as partes implicadas.**

**Se precisa máis información e quere consultar un directorio de profesionais cualificadas/os, visite [www.agpti.org](http://www.agpti.org)**

